NOVOS CINEMAS ofrece unha Carta Branca ao **MDOC - Festival Internacional de Documentário de Melgaço**. Un proxecto con 10 anos de antigüidade que promove e divulga o cinema etnográfico e social mediante una programación que ilustra o seu posicionamento sobre cuestións sociais, individuais e culturais relacionadas con conceptos tan universais (e de eterna actualidade) como identidade, memoria e fronteira.

Un dos seus directores artísticos, **Daniel Maciel**, presentará e contextualizará o programa deseñado para esta edición.

NOVOS CINEMAS offered a Carte Blanche to **MDOC - Melgaço International Documentary Festival**. A 10-year project that promotes and spreads ethnographic and social cinema through a program that illustrates its position on social, individual and cultural issues related to concepts as universal as identity, memory and borders.

Daniel Maciel, one of the artistic directors, will be leading and discussing about the program designed for this edition.



CARTA BRANCA

CARTE BLANCHE

AS MELUSINAS Á MARGEN DO RÍO




Daniel Maciel é membro da Asociación AO NORTE, onde asume as funcións de codirector dos festivais Encontros de Cinema de Viana e MDOC - Festival Internacional de Documental de Melgaço. Coordina os proxectos Fotomemória e Quem Somos Os Que Aquí Estamos. Tamén é Coordinador-Xeral da Conferencia Internacional de Cinema de Viana e director da revista CINEMAS. Antropólogo, e investigador do IDMAIS - Instituto de Pesquisa em Design, Media e Cultura no IPCA - Instituto Politécnico do Cávado e do Ave, é autor e editor de libros, artigos e textos, e produtor nas áreas do documental e a non-ficción.

Daniel Martins is a member of Asociación AO NORTE, where he is co-director of Encontros de Cinema de Viana and MDOC - Melgaço International Documentary Film Festival. He coordinates the Fotomemória and Quem Somos Os Que Aquí Estamos projects. He is also the general coordinator of the Viana International Film Conference and director of CINEMAS magazine. An anthropologist and researcher at IDMAIS - Instituto de Pesquisa em Design, Media e Cultura at IPCA - Instituto Politécnico do Cávado e do Ave, he is the author and editor of books, articles and texts, and a producer in the documentary and non-fiction areas.



16
DEC.
 19.00 h.
 Teatro Principal



AS MELUSINAS À MARGEM DO RIO

The Melusinas at the Edge of the River
 Portugal | 2023 | 82' | Cor

Dirección/Direction: Melanie Pereira. **Guión/Script:** Melanie Pereira. **Fotografía/Cinematography:** Hubert Pedro Neves, Melanie Pereira. **Montaxe/Editing:** Tomás Baltazar, Melanie Pereira. **Música/Music:** Maurício D'Orey. **Son/Sound:** Ricardo Leite. **Intérpretes/Cast:** Amela Skenderovic, Ana-Filipa Martins, Melanie Pereira, Melina Mutombo Menendez, Shanila Mutumba. **Produtor Executivo/Executive Producer:** Pedro Neves. **Produtora/Production Company:** Red Desert Films.

Nadas en Luxemburgo no seo de familias de inmigrantes, cinco mulleres reflexionan sobre países, identidades, fragmentos e sirenas. Mentres busca entre montañas e ríos a Melusina, a mutante e lendaria sirena da cidade de Luxemburgo, a directora fala con catro mulleres sobre as súas identidades incertas: como é ser inmigrante sen selo, e ser luxemburguesa sen selo.

Born in Luxembourg to immigrant families, five women reflect on countries, identities, fragments and mermaids. While searching among mountains and rivers for Melusina, the mutant and legendary mermaid of the city of Luxembourg, the director talks to four women about their uncertain identities: what it is like to be an immigrant without being one and to be Luxembourgish without being one.

Melanie Pereira é unha realizadora cuxo traballo xira en torno a dúas temáticas centrais: a emigración portuguesa e a loita polos dereitos das mulleres. Desenvolve varias investigacións e traballos artísticos en torno a cinema e mulleres, en especial, no contexto portugués. En 2023, foi unha das realizadoras escollidas para integrar o programa La Factory des cinéastes (Quinzaine des Cinéastes, Cannes). Forma parte do equipo do Porto/Post/Doc: Film and Media Festival, sendo coordinadora do programa educativo, membro do comité de selección da Competición Cinema Novo, e fundadora e programadora do laboratorio de cinema LAButa.

Melanie Pereira is a film director whose work gravitates around two central themes: Portuguese migrations and the fight for women's rights. She also develops several investigations and artworks around cinema and women, especially in the Portuguese context. In 2023, she was one of the directors chosen to be part of La Factory des cinéastes (Quinzaine des Cinéastes, Cannes). Melanie is part of Porto/Post/Doc: Film and Media Festival's team, being the coordinator of the educational program, a member of the New Cinema selection committee, and the creator and programmer of the cinema laboratory LAButa.

Red Desert Films
 Pedro Neves | info@reddesertfilms.com
<https://reddesertfilms.com/>
 (+351) 919 655 355
 Rua do Almada, 540
 4050-034 Porto
 Portugal

Fidmarseille 2024. Séances Spéciales
 Porto Femme 2024. Best National Documentary
 MDOC - Melgaço International Documentary Film Festival 2024. Official Selection
 Doclisboa 2023. HBO Max Award for Best Portuguese Competition Film. Fernando Lopes
 Award. Schools Award

A educación audiovisual da cidadanía é un dos obxectivos DE NOVOS CINEMAS. Por iso continuamos desenvolvendo #AULA, unha proposta que hibrida transferencia de coñecemento e intercambio de experiencias entre profesionais audiovisuais e a cidadanía nunha atmosfera lúdica e relaxada. Deste xeito, os obradoiros e as proxeccións conforman as actividades e resultados finais de cada nova edición de #AULA.

As curtametraxes producidas en **Cine rachado e consciente na praza do teu pobo**, o obradoiro impartido polo guionista, montador e cineasta **Álvaro Gago** durante o primeiro cuadrimestre do curso académico, reflectirán o talento e a creatividade que caracteriza ao noso campus.

Por outra banda, e en colaboración coa **ECAM (Escuela de la Cinematografía y del Audiovisual de Madrid)**, centro formativo de referencia no territorio peninsular, o produtor **Jamie Weiss** (El Viaje Films), coprodutor, entre outros, de títulos como *A nuestros amigos*, *La hojarasca*, *Eles transportan a morte* ou

Blanco en blanco, impartirá **Producción creativa e desafíos do mercado internacional**, un obradoiro cuxo principal obxectivo é revelar como determinadas vertentes da produción cinematográfica estimulan o desenvolvemento e a internacionalización de propostas xestadas na esfera do cinema de autor e emerxente.

Non podemos esquecernos da sección motriz de Novos Cinemas: #AULA+NOVOS, un programa que aglutina actividades deseñadas para a poboación máis nova e inqueda. *Audiovisual education is one of the main purposes of Novos Cinemas. That is why we continue developing #AULA, a proposal that combines the transfer of knowledge and the exchange of experiences between audiovisual professionals and the public in a festive and relaxed atmosphere. In this way, the workshops and screenings define the activities and final results of each edition of #AULA.*

*The short films produced in **Cine rachado e consciente na praza do teu pobo (Conscious cinema and in all its glory in your town square)**,*

*the workshop taught by screenwriter, editor and filmmaker **Álvaro Gago**, will showcase the talent and creativity that characterizes our campus.*

*Moreover, and in collaboration with **ECAM (Escuela de la Cinematografía y del Audiovisual de Madrid, Madrid School of Cinematography and Audiovisual)**, a reference training center in Spain, **Jamie Weiss**, producer, co-producer of titles such as *To Our Friends*, *The Undergrowth*, *They Carry Death*, *White on White*, among others, is teaching **Creative Production and The Challenges of the International Market**, a workshop whose main purpose is to reveal how certain aspects of film production stimulate the development and internationalization of proposals conceived in the sphere of auteur and emerging cinema.*

We cannot forget one of the driving sections of Novos Cinemas: #AULA+NOVOS, a program that brings together activities designed for the younger and more curious people.



AULA



Álvaro Gago (Vigo, 1986) estuda Comunicación e Música en Galicia, Teatro en Chicago e Cinema na London Film School, na que se gradúa no ano 2013 coa curtametraxe *Curricán*, estreada no Festival de Málaga. En 2017, dirixe *Matria*, curtametraxe nomeada aos Goya e gañadora do Gran Premio do Xurado no Festival de Sundance. A súa seguinte curtametraxe, *16 de decembro*, nomeada aos Goya e gañadora do Mestre Mateo, estréase na sección Pardi di Domani do Festival de Locarno. A súa primeira longametraxe, *Matria*, inspirada na curtametraxe homónima, estreada na sección Panorama da 73.ª edición da Berlinale, gaña a Biznaga de Prata á Mellor Actriz e o Premio ASECAN á Mellor Ópera Prima no Festival de Cine de Málaga, e obtén dúas nominacións a Mellor Dirección Novel e Mellor Actriz na 38.ª edición dos Premios Goya. A película estréase nas salas de cine de España, Francia, Italia, Grecia e Portugal.

Actualmente, forma parte do equipo docente do FilmLab Lac6, o Conecta Lab e La Residencia Navarra, e está desenvolvendo a súa segunda longametraxe de ficción, Porto Alegre, con Ringo Media e Sétima.

www.alvarogago.com

Álvaro Gago (Vigo, 1986) studied Communication and Music in Galicia, Theater in Chicago and Filmmaking at the London Film School, where he graduated in 2013 with the short film *Curricán*, premiered at the Malaga Film Festival. In 2017, he directed *Matria*, a short film nominated for the Goya Awards and winner of the Grand Jury Prize at the Sundance Film Festival. His next short film, *16 de decembro*, nominated for a Goya award and winner of the Mestre Mateo, premieres in the Pardi di Domani section of the Locarno Film Festival. His first feature film, *Matria*, inspired by the short film of the same name, premiered in the Panorama section of the 73rd Berlinale, won the Silver Biznaga for Best Actress and the ASECAN Award for Best Debut Film at the Malaga Film Festival, and received two nominations for Best First-Time Director and Best Actress at the 38th Goya Awards. The film was released in theaters in Spain, France, Italy, Greece and Portugal.

Currently, he is part of the teaching team of FilmLab Lac6, Conecta Lab and La Residencia Navarra, and is working on his second feature film, Porto Alegre, with Ringo Media and Sétima.

www.alvarogago.com

#AULA
#AULA

12
DEC.
16:30 h.
Teatro principal

// CINE RACHADO E CONSCIENTE NA PRAZA DO TEU POBO

Obradoiro de Cinema impartido
por **Álvaro Gago**

Hai filmes polos que se coa a vida. Son estes os que máis me emocionan. Filmes cheos de fendas que nos permiten acceder non só á historia que se nos presenta, senón tamén a unha existencia, e que adoitan ser o reflexo dunha determinada actitude ante o que nos rodea, unha actitude movida polo desexo, a consciencia, a escoita e un asombro continuo polo próximo.

O obradoiro apelou e trouxo á superficie esas olladas propias e reveladoras que tanto necesita o mundo, e fíxoo poñendo especial énfase na crenza de que a función principal do cinema é congrega, e na noción de que é no contexto de cada persoa, que determina e limita, onde radican as posibilidades, a forza e a singularidade de cada unha desas olladas.

Neste contexto, dez estudantes do campus de Pontevedra desenvolveron proxectos individuais de curtametraxes que se conformaron ao longo das distintas etapas que estruturaron este obradoiro. Na primeira sesión, formulouse un contexto que favoreceu o mergullo e a inspiración estética-temática do alumnado. O obxectivo desta sesión era que cada participante descubrixe modelos de expresión cinematográfica que estimulasen tanto a xénese da súa proposta (a idea motriz), como a súa conseguinte formalización (a curtmetraxa).

Na segunda sesión, promovemos unha primeira revisión dos filmes, que estaban no ecuador do seu proceso creativo, co obxectivo de asesorar de xeito pormenorizado cada proposta e promover así o seu mellor desenvolvemento.

Na terceira e derradeira sesión, seguimos traballando con cada proxecto, ultimando detalles, cara á súa montaxe final e posterior exhibición pública na sesión inaugural da edición O9 de Novos Cinemas.

// CONSCIOUS CINEMA AND IN ALL ITS GLORY IN YOUR
TOWN SQUARE. Workshop by **Álvaro Gago**

There are films through which life is filtered. These are the ones that move me the most. Films full of cracks that allow us access not only to the story that is presented to us, but also to an existence, and that are usually the reflection of a certain attitude towards what surrounds us, an attitude moved by desire, awareness, listening and a continuous astonishment for what is close to us.

The workshop appealed to and brought to the surface those own and revealing looks that the world needs so much, and it did so with special emphasis on the belief that the main function of cinema is to congregate, and on the notion that it is in the context of each person, which determines and limits, where the possibilities, strength and uniqueness of each of those looks lie.

In this context, nine students from the Pontevedra campus developed individual short film projects that were shaped throughout the different stages that structured this workshop. In the first session, a context that favored the immersion and aesthetic-thematic inspiration of the students was formulated. The objective of this session was for each participant to discover models of cinematographic expression that would stimulate both the genesis of their proposal (the driving idea) and its subsequent formalization (the short film).

In the second session, a first review of the films, which were in the middle of their creative process, was promoted in order to provide detailed advice on each project and thus promote its better development.

In the third and last session, we continued working with each project, finalizing details, towards its final editing and subsequent public screening at the inaugural session of the O9 edition of Novos Cinemas.



UNA ESTRELLA SE ESTRELLÓ

Galicia, España | 2024 | 03:42 |
ESTREA MUNDIAL

Rocío Campoy Lage
Graduada en Belas Artes (UVigo).

Degree in Fine Arts (UVigo).




DESCONEXIÓN

Galicia, España | 2024 | 04:58 |
ESTREA MUNDIAL

Nel González
3º Grao en Comunicación
Audiovisual (UVigo).

Degree in Audiovisual
Communication (UVigo).




A PRISIÓN DIXITAL

Galicia, España | 2024 | 06:00 |
ESTREA MUNDIAL

Pablo Martínez Romero
Graduada en Belas Artes (UVigo).

Degree in Fine Arts (UVigo).



23:51

Galicia, España | 2024 | 09:00 |
ESTREA MUNDIAL

Lois Novas Ferreirós
3º Grao en Belas Artes (UVigo).

Degree in Fine Arts (UVigo).



A CABRA TIRA AO MONTE

Galicia, España | 2024 | 06:35 |
ESTREA MUNDIAL

Héctor Pousa Herbello
4º Grao en Belas artes (UVigo).

Degree in Fine Arts (UVigo).



DECIR ADIÓS

Galicia, España | 2024 | 10:25 |
ESTREA MUNDIAL

Fabiola Quintela Barba
4º Grao en Belas Artes (UVigo).

Degree in Fine Arts (UVigo).

#AULA
#AULA

10

DEC.
16.30 h.
Teatro Principal



NO ES UN CORTO, NO ES UNA CARTA

Galicia, España | 2024 | 07:00 |
ESTREA MUNDIAL

Tristán Rodríguez Decabo
2º Grao en Comunicación
Audiovisual (UVigo).

Degree in Audiovisual
Communication (UVigo).




SOMNUS

Galicia, España | 2024 | 03:00 |
ESTREA MUNDIAL

Antón Rodríguez
2º Comunicación Audiovisual
(UVigo).

Degree in Audiovisual
Communication (UVigo).



C.O.I.A.

Galicia, España | 2024 | 5:30 |
ESTREA MUNDIAL

Gala Rodríguez
Graduada en Comunicación
Audiovisual (UVigo).

Degree in Audiovisual
Communication (UVigo).



Jamie Weiss, nacido en Brooklyn (EE. UU.) e fincado en Madrid, é produtor de cinema en El Viaje Films. Licenciouse en Cinema na Universidade de Boston e realizou un Máster en Cinema documental e experimental na Universidad TAI (Madrid). Desde 2015, traballa como produtor en El Viaje Films (Madrid/Tenerife), achegando unha perspectiva internacional a esta premiada productora independente, colaborando en proxectos como *A nuestros amigos* (Adrián Orr, 2024), *La hojarasca* (Macu Machín, 2024), *Eles transportan a morte* (Helena Girón e Samuel M. Delgado, 2022) ou *Blanco en blanco* (Théo Court, 2019).

Ten participado en mercados, festivais e sesións de pitching, incluíndo, entre outros, Marché du Film (Cannes 2020, 2022), Venice Production Gap (2017), Berlinale Co-Production Market (2021, 2022, 2023), Les Arcs (2017 - Winner Eurimages Lab Award), Rotterdam IFF (Dutch Post Production Awards 2019), Ventana Sur (2019, 2021), San Sebastián (Europe- Latin American Co-production Forum 2016, 2019), Catapulta (FICUNAM 2022) e Spanish-Canadian Co Production Forum (TIFF 2022).

Jamie Weiss, born in Brooklyn (USA) and based in Madrid, is a film producer at El Viaje Films. He received his B.F.A. in Film from Boston University and his M.F.A. in Documentary and Experimental Film from TAI University in Madrid. Since 2015, he has been working as a producer at El Viaje Films (Madrid/Tenerife), bringing an international perspective to this award-winning independent production company, collaborating on projects such as *To Our Friends* (Adrián Orr, 2024), *The Undergrowth* (Macu Machín, 2024), *They Carry Death* (Helena Girón, Samuel M. Delgado, 2022) or *White on White* (Théo Court, 2019).

He has participated in markets, festivals and pitching sessions, including, among others, Marché du Film (Cannes 2020, 2022), Venice Production Gap (2017), Berlinale Co-Production Market (2021, 2022, 2023), Les Arcs (2017 - Winner Eurimages Lab Award), Rotterdam IFF (Dutch Post Production Awards 2019), Ventana Sur (2019, 2021), San Sebastian (Europe- Latin American Co-production Forum 2016, 2019), Catapulta (FICUNAM 2022) and Spanish-Canadian Co Production Forum (TIFF 2022).



#AULA
#AULA

12 e 13

DEC.

17:00 h.

Casa das Campás

Previa inscrición

Pre-registration is required

// // A PRODUCCIÓN CREATIVA E OS DESAFÍOS DO MERCADO INTERNACIONAL

*OBRADOIRO impartido por **Jaime Weiss***

Desde os seus inicios, El Viaje Films desenvolveu unha estratexia creativa que fusiona novas fórmulas narrativas cun sólido compromiso ético, superando os retos de financiamento para levar os seus proxectos, desde un rancho periférico de Europa, ao escenario internacional. Nos últimos anos, as súas películas foron recoñecidas e premiadas en destacados festivais internacionais.

Jamie Weiss, produtor El Viaje Films, compartirá como a produtora logrou consolidar unha presenza internacional a través dun enfoque centrado no proceso creativo. O taller enfocárase nos métodos que permitiron a El Viaje Films converterse nun referente do cinema independente, navegando as complexidades do mercado nacional e global, mentres manteñen unha visión autoral distintiva.

*// CREATIVE PRODUCTION AND THE CHALLENGES OF THE
INTERNATIONAL MARKET
Workshop by **Jamie Weiss***

Since its inception, El Viaje Films has developed a creative strategy that fuses new narrative formulas with a strong ethical commitment, overcoming financing challenges to bring its projects, from a peripheral corner of Europe, to the international stage. In recent years, their films have received recognition and awards at leading international festivals.

Jamie Weiss, producer of El Viaje Films, will share how the production company has managed to consolidate an international presence through an approach focused on the creative process. The workshop will focus on the methods that have allowed El Viaje Films to become a benchmark in independent filmmaking, navigating the complexities of the national and global marketplace while maintaining a distinctive authorial vision.

Confiando na radical sensibilidade do público máis novo, así como no seu desprexuízado xeito de achegarse ao cinema, deseñamos unha programación que aspira a que o noso público máis xeneroso e esixente interactúe e comparta os seus descubrimentos e inqedanzas a través do cinema.

Tras a volta ás aulas durante o segundo trimestre do curso 2023-2024 e o primeiro cuadrimestre do curso 2024-2025 con #NA CLASE, as #MATINAIS+NOVOS e os #ENCONTROS CON, actividades que nos permitiron achegar as nosas propostas a cerca de 1.600 escolares, e no que participaron centros educativos da nosa cidade e doutros municipios (EEI Concepción Crespo Rivas, IES Sansenxo, CEIP Froebel, CEIP Plurilingüe Praza de Barcelos, CEIP Manuel Vidal Portela, CEIP Campolongo, CEIP San Martiño, IES Frei Martín Sarmiento), propoñemos un **obradoiro** impartido polas imaxinativas colegas de **taller aberto, unha matinal e un encontro** como complementos ao programa implementado por #AULA+NOVOS durante a novena edición de Novos Cinemas.

Trusting in the special sensitivity and unprejudiced way of approaching cinema of the youngest audience, we created a program that aspires for our most generous and demanding audience to interact and share their discoveries and concerns through cinema.

*After returning to the classrooms during the second term of the 22-23 academic year and the first term of 24-25 with #NA CLASE, the #MATINAIS+NOVOS and the #ENCONTROS CON –activities that allowed us to bring our proposals to nearly 1,600 children and in which schools from the city and other municipalities participate (EEI Concepción Crespo Rivas, IES Sansenxo, CEIP Froebel, CEIP Plurilingüe Praza de Barcelos, CEIP Manuel Vidal Portela, CEIP Campolongo, CEIP San Martiño, IES Frei Martín Sarmiento)– we offer a **workshop** lead by the imaginative colleagues of **taller abierto, a matiné and a meeting** as a complete part of the program implemented by #AULA+NOVOS during the 9th edition of Novos Cinemas.*



AULA+NOVOS

18

DEC.

IES Frei Martín Sarmiento

*Coloquio cos produtores
Q&A with the producers*

// ENCONTRO CON PRODUCCIONES MUTANTES + EXHIBICIÓN DE VIDEOCLIPS



Produccións Mutantes, fundada en 2008 por **Gero Costas e Romina Doce**, é unha produtora galega con experiencia en campos tan diversos como a publicidade, o vídeo industrial e os videoclips. Entre os seus primeiros traballos destaca o viral do festival Armadiña Rock, que marcou un momento importante nos seus inicios. Ao longo da súa traxectoria, combinaron proxectos propios con encargos para clientes. Nos últimos anos, realizaron videoclips para a banda estadounidense Eagles of Death Metal e proxectos para administracións públicas, como diferentes campañas para o Concello de Pontevedra ou a Xunta de Galicia. Tamén traballaron con empresas privadas como AKWEL no sector da automoción, así como con marcas recoñecidas como Estrella Galicia.

Producciones Mutantes, founded in 2008 by **Gero Costas and Romina Doce**, is a Galician production company with experience in diverse fields such as advertising, industrial video, and music videos. One of their early works was the viral campaign for the Armadiña Rock festival, which marked an important milestone in their beginnings. Throughout their trajectory, they have combined their own projects with commissioned work. In recent years, they have produced music videos for the American band Eagles of Death Metal and projects for public administrations, such as various campaigns for the City Council of Pontevedra or the Xunta de Galicia. They have also collaborated with private companies like AKWEL in the automotive sector, as well as with well-known brands such as Estrella Galicia.

#AULA+NOVOS
#AULA+NOVOS

// GOD OF THUNDER | Galicia, España | 2021 | 03:02
// IT'S SO EASY | Galicia, España | 2023 | 06:31



// NA CLASE

Novos Cinemas achegou un ano máis o cinema ao espazo da aprendizaxe e a docencia con **Na Clase**. O equipo pedagóxico do festival continuou o seu labor didáctico en centros escolares mediante o deseño de actividades relacionadas coa prehistoria do cinema, esa época fascinada coa locomoción, a percepción visual e a obsesión pola representación do movemento.

Como complemento a esta actividade, programamos dúas sesións cinematográficas nas que promovemos a experiencia, a aprendizaxe e o goce do alumnado nun espazo diferente: a sala de cinema. Agradecemos á dirección dos centros educativos EEI Concepción Crespo Rivas -6º de infantil- e CEIP Vidal Portela -5º de educación primaria-, e ao seu corpo docente, a dispoñibilidade e colaboración no desenvolvemento das actividades.

Novos Cinemas once again brought cinema to the teaching space with **Na Clase**. The festival's educational team continued its didactic work in schools by designing some activities related to the prehistory of cinema –the era fascinated with locomotion, visual perception and the obsession with the movement representation–.

As a complement to this activity, we programmed two film sessions where we promoted the experience, learning process and enjoyment of the students in a different space: the movie theatre. We thank the board of the educational centers EEI Concepción Crespo Rivas, CEIP Vidal Portela and their teaching staff for their availability and collaboration in the development of the activities.



#AULA+NOVOS
#AULA+NOVOS

// IFCINÉMA

O **Institut Français** é unha axencia cuxo principal labor é promover a cultura francesa no exterior. Para axudar a difundir o patrimonio cinematográfico creou o IFCinéma, unha plataforma que ofrece aos membros da rede cultural de Francia no estranxeiro a posibilidade de exhibir films de diversa natureza e orixe.

Novos Cinemas continúa deste xeito a súa colaboración con esta prestixiosa iniciativa.

Institut Français is an agency whose main task is to promote French culture abroad. In order to help in the dissemination of the cinematographic heritage, the agency created the IFCinéma, a platform that offers members of the French cultural network abroad the possibility of showing films from several natures and origins.

Novos Cinemas thus continues its collaboration with this prestigious initiative.

17

DEC.

11.00 h.

Teatro Principal

Sesión pechada para escolares

AULA+NOVOS : ifcinéma + Coloquio co alumnado
Proxección da longametraxe do Institut Français
Chien de la casse, de Jean-Baptiste Durand
(Francia | 2022 | 93' | Cor)

Private session for students

AULA+NOVOS : IFCinéma + Q&A with students
Screening of long feature of the Institut Français
Chien de la casse, by Jean-Baptiste Durand
(Francia | 2022 | 93' | Cor)



Dog e Mirales, amigos da infancia, viven nun pequeno pobo e pasan a maior parte dos seus días xuntos. Mirales adquiriu o hábito de burlarse de Dog máis do que debería. Ese outono, Dog coñece a Elsa, de quen se namora. A brecha que separa aos dous mozos permitiralles crecer e descubrir o seu lugar no mundo.

Dog and Mirales, childhood friends, live in a small village and spend most of their days hanging out. Mirales has gotten into the habit of teasing Dog more than he should. That autumn, Dog meets Elsa, with whom he falls in love. The gap separating the two young men will allow them to grow up and discover their place in the world.

// DE LIÑAS E CONCEPTOS

Un filme é un produto complexo que require do concurso dunha serie de traballos preparatorios previos que se encadean moito antes de que devandito filme chegue ás pantallas das salas de cinema. Todo comeza cunha idea na mente dunha persoa, unha forma intanxible que precisa ser materializada antes de iniciar o proceso de produción. Para iso, algúns e algunhas cineastas utilizan o storyboard, unha ferramenta visual fundamental tanto no cinema como noutras disciplinas da comunicación audiovisual, e que permite planificar a narración dunha historia. O storyboard consiste nunha serie de viñetas, semellantes ás dun cómic, que representan, cadro a cadro, o conxunto das escenas clave dun relato cinematográfico, permitindo anticipar como se desenvolverá visualmente.

Neste obradoiro, dirixido a nenos e nenas de 8 a 12 anos, introduciremos a linguaxe cinematográfica mediante o recoñecemento dos diferentes planos cinematográficos (plano xeral, plano medio, primeiro plano, etc.) e ángulos de cámara, explorando como estes elementos contribúen a comunicar emocións e accións de maneira estritamente visual.

A través desta actividade creativa, nenos e nenas familiarizaranse co proceso de planificación dunha película de ficción ou de animación, desenvolvendo o seu propio storyboard para narrar unha historia única e orixinal.

A film is a complex product that requires a preparatory work implemented long before the film reaches the screen of a cinema. It all begins with an idea on someone's mind, an intangible form that needs to be materialized before the production process. In order to do this, some filmmakers use the storyboard, a fundamental visual tool used in some other communication disciplines, which helps to plan the narration of a story. The storyboard lies in a series of drawings, similar to those of a comic book, which represent frame by frame the key scenes of a cinematographic story showing how it will or could visually develop.

In this workshop, thought for children from 8 to 12, we will introduce the cinematographic language through the recognition of the different cinematographic shots –wide shot, medium shot, close-up, etc.– and camera angles, exploring how these elements contribute to show emotions and actions in a strictly visual way.

Children will become familiar with the planning process of a fiction or animation film, developing their own storyboard to tell a unique and original story through this creative activity.

#AULA+NOVOS

#AULA+NOVOS

14

DEC.

11.30 h.

Museo de Pontevedra

Gratuito previa inscripción.

Dirixido a rapaces e rapazas de 8-12 anos.

Free Entry. Pre-registration is required.

For children between 8 and 12 years

taller abierto é un colectivo formado por dúas arquitectas que desde 2013 desenvolve proxectos artísticos e culturais. Entre as súas actividades están a organización de cursos de formación para docentes, o comisariado de exposicións, e os talleres didácticos en museos e institucións privadas. O seu labor no eido da educación, ademais, abarca a produción de material didáctico sobre diferentes temas en soporte físico e audiovisual. Para elas o espazo público e a paisaxe poden ser motor de aprendizaxe, polo que tamén instauran proxectos no que estes son protagonistas.

Páxina web: tallerabierto.gal

taller abierto is a collective formed by two architects that has been developing artistic and cultural projects since 2013. Among its activities are the organization of training courses for teachers, curating exhibitions, and educational workshops in museums and private institutions. Its work in the field of education also includes the production of teaching materials on different topics in physical and audiovisual support. For them, public space and the landscape can be a driving force for learning, that is why they also implement projects in which they are main characters.

Webpage: tallerabierto.gal



NOVOS CINEMAS #LAB é un programa internacional que busca favorecer e promover o desenvolvemento de proxectos cinematográficos de cineastas novos mediante o seu encontro con profesionais de recoñecida traxectoria e notoria sensibilidade cara propostas de natureza independente.

Nesta edición, os nosos asesores titorizarán catro proxectos –procedentes de Arxentina, Portugal, España e Galicia–, que se atopan en diferentes fases de desenvolvemento e guiarán aos cineastas en función da situación e das particularidades de cada unha das propostas.

Como parte do LAB, presentamos **#terraLab**, un espazo exclusivo deseñado para apoiar proxectos e profesionais de Galicia. Neste novo marco, contaremos coa participación de dúas propostas en fase de desenvolvemento: *Lía* e *Lembrarás como bailabas*, que se uniron a nós nesta emocionante aventura. Ademais, grazas á colaboración con AGAPI (Asociación Galega de Produtoras Independentes), lanzamos o **café#Lab**, un punto de encontro único onde se reunirán os representantes dos catro proxectos

titorizados por NovosCinemas#LAB09 e algúns dos proxectos que proveñen do AGAPI IMPULSA COPROS 2024. Este espazo de intercambio permitirá establecer novas conexións, compartir experiencias e fomentar a colaboración entre os proxectos, os mentores e os profesionais do sector. Con **#terraLab** e **café#Lab**, reforzamos o compromiso de crear unha rede sólida e enriquecedora para os cineastas galegos, ofrecendo oportunidades de aprendizaxe, visibilidade e apoio no seu camiño de desenvolvemento.


Representantes de proxectos asesorados por AGAPI | IMPULSA COPROS e #LAB Novos Cinemas compartirán súa experiencias e impresións co equipo asesor do LAB..

NOVOS CINEMAS #LAB is an international program that seeks to support and promote the development of film projects by new filmmakers through meetings between new authors and professionals of recognized scope with notorious sensitivity on independent proposals. In this edition, our consultants will tutor four projects –coming from Argentina, Spain,

Portugal and Galicia– that are in different development stages and will guide the filmmakers on a personal basis considering the particularities of each proposal.

*As part of LAB, we present **#terraLab**, an exclusive space designed to support projects and professionals from Galicia. In this new framework, we will have the involvement of two proposals under development: *Lía* and *Lembrarás como bailabas*, who joined us in this exciting adventure.*

*In addition, thanks to the collaboration with AGAPI (Galician Association of Independent Production Companies), we are launching the **café#Lab**, a unique meeting point where the representatives of the four projects screened by NovosCinemas#LAB09 and some of the projects provided by AGAPI | IMPULSA COPROS 2024 will meet. This space for exchange will allow to establish new connections, share experiences and promote collaboration between the projects, mentors and professionals in the sector.*



#LAB



Lorena Iglesias (A Coruña) é actriz, guionista e cómica de stand-up. En 2012 crea co seu colectivo audiovisual Canódromo Abandonado, a súa primeira longametraxe, *La tumba de Bruce Lee*, rodada en Seattle e estreada no Festival de Sitges en 2013. Como cómica realiza un show semanal desde 2019, o Necroshow, e participa en festivais, podcasts, programas de radio e eventos feministas. En 2019 a Academia de Cinema selecciona o seu proxecto de serie *Millennial Mal* para levar a cabo una das residencias en colaboración co Concello de Madrid. En 2022-2023 coescribe co director Pau Teixidor o longametraxe *Alumbramiento* (en produción). Como actriz traballou con directores como Carlos Vermut (*Quién te cantará, Magical Girl*), Juan Cavestany (*Gente en sitios, Madrid Interior*), Julian Génisson, Chema García Ibarra (*Espíritu Sagrado*), Alberto Gracia (*La Parra*) e Ión de Sosa (*Mamántula*).

Lorena Iglesias (A Coruña) is an actress, scriptwriter and stand-up comedian. In 2012, she made her first feature film in Seattle with her audiovisual collective Canódromo Abandonado: *The Tomb of Bruce Lee*, which premiered at the Sitges Film Festival in 2013. As a comedian, she has been putting on a weekly show since 2019, the Necroshow, and she also takes part in festivals, podcasts, radio programmes and feminist events. In 2019, the Film Academy selected her project for a series, *Millennial Mal*, for one of its residencies in collaboration with the Madrid City Council.

In 2022-2023, she co-wrote the feature film *Delivery* (in production) with the director Pau Teixidor. As an actress, she has worked with directors such as Carlos Vermut (*Who Will Sing to You, Magical Girl*), Juan Cavestany (*People in Places, Madrid Interior*), Julian Génisson, Chema García Ibarra (*The Sacred Spirit*), Alberto Gracia (*The Vine*) and Ion de Sosa (*Mamántula*).

FEÍSMO

España | Segunda longametraxe | Second feature film

Dirección/Direction: Lorena Iglesias

Estado/Current status: Escritura, Desenvolvemento / Writing, Development


Que pasaría se a paisaxe, para defenderse, reciclase aos seres humanos que lle sobran?

No proxecto de Lorena, catro centennials viaxan a unha aldea galega illada para facer un roteiro turístico por diferentes espazos "feístas". A segunda noite, unha delas sobe un post irónico a Instagram burlándose dos habitantes do pobo e do feísmo. Inmediatamente comezan a darse situacións paranormales que apuntan a unha posible resposta defensiva do medio. Conseguirá a paisaxe reciclalos a todos e convertelos en feísmo?

What would happen if the landscape were to recycle its surplus human beings as a way of defending itself? In Lorena's project, four zoomers travel to an isolated village in the wilds of Galicia to follow a tourist route through a number of really ugly places. On the second night, one of them posts an ironic message on Instagram, mocking the villagers and all the ugliness. Immediately, all sorts of paranormal things start happening, and it seems that the environment is reacting and defending itself. Will the landscape manage to recycle and turn them all into ugliness?

#LAB // PROXECTOS

#LAB // PROJECTS



Franco Figueroa (Alta Gracia, Córdoba) estuda cinema (FUC) e participa no programa Preservación, Arquivo e Creación do Museo do Cinema Pablo Ducrós Hicken donde traballa con materiais fílmicos. Codirixe con Manque La Bianca, María Aparicio e Florencia Labat a longametraxe *Lo que vieron aqueles ojos* (2022), estreada en BAFICI 22 e realizada con material de arquivo da colección Nitrato argentino. A súa curtametraxe *La ciudad y la cautiva* (2024) conta co apoio do Fondo Nacional de las Artes e Mecenado Cultural. Edita a curtametraxe *Un movimiento extraño* (Francisco Lezama), gañador da Berlinale Shorts 2024, e series, documentais e publicidade. Actualmente traballa no desenvolvemento da súa primeira longametraxe, premio ao desenvolvemento de guion de La Bienal Arte Joven 2023, e na ficción-documental *Las películas posibles*.

Franco Figueroa (Alta Gracia, Córdoba) studies film at FUC and participates in the Preservation, Archive and Creation program at the Pablo Ducrós Hicken Film Museum, where he works with film materials. He co-directs, together with Manque La Banca, María Aparicio and Florencia Labat, the feature film *Lo que vieron aquellos ojos* (2022), premiered at BAFICI 22 and made with archive material from the Argentine Nitrate collection. His short film *La ciudad y la cautiva* (2024) is supported by the Fondo Nacional de las Artes y Mecenado Cultural. Figueroa edits the short film *Un Movimiento Extraño* (Francisco Lezama), winner of the Berlinale Shorts 2024, and TV series, documentaries and advertising. He is currently working on the development of his first feature film *Un Dios me ha robado el rostro*, winner of the 2023 La Bienal Arte Joven screenplay development award, and on the fiction-documentary *Las películas posibles*.

UN DIOS ME HA ROBADO EL ROSTRO

Argentina | Primeira longametraxe / First feature film

Dirección/Direction: Jacobo Lagüela

Estado/Current status: Escritura, Desenvolvemento / Writing, Development

Entre cidades pequenas, viaxes en autobús e noites en estacións. O protagonista atopa un teléfono móbil vello no medio das serras, funciona mellor do esperado: non perde sinal nunca e pode escoitar chamadas alleas. Desta maneira empeza a descubrir conexións secretas entre os seus veciños.

Small towns, bus trips and nights in train stations. The main character finds an old mobile phone in the middle of the mountains and it works better than expected: it never loses the signal and he can listen to other people's calls. That is how he starts to discover secret connections between his neighbours.



Joanna Carro (Lisboa, 1988) compaxinou estudos de Comunicación Audiovisual (UCM, 2011) coa formación práctica en realización de documentais e montaxe de son. Licenciouse en Literatura Comparada (UCM, 2012), cursou un mestrado en Cultura Contemporánea (Fundación Ortega e Gasset, 2013) e formou parte do proxecto editorial Fulgencio Pimentel (2017).

Comisariou varias edicións do Festival Libros Mutantes (La Casa Encendida) e traduciu uns trinta libros. Xunto aos seus socios, gañou, entre outros, o Premio Lázaro Galdiano e varios Premios Nacionais aos libros mellor editados. Estudou cociña en Basque Culinary Centre e explorou as relacións entre gastronomía e arte en *The Gramounce* (2003). Desenvolveu diversos proxectos, desde un banquete no que (xunto a Marco Bene) preparou a pataca frita perfecta para máis de 300 persoas na Cité Internationale des Arts (París, 2023), ata unha performance na que se mergullou para colocar unha réplica dunha pedra no fondo do mar no LABoral Centro de Arte e Creación Industrial (Xixón, 2024).

Joanna Carro (Lisboa, 1988) compaginó sus estudios de Comunicación Audiovisual (UCM, 2011) con formación práctica en realización de documentales y montaje de sonido. Se licenció en Literatura Comparada (UCM 2012), hizo un máster en Cultura Contemporánea (Fundación Ortega y Gasset, 2013) y formó parte del proyecto editorial Fulgencio Pimentel (2017).

Comisarió varias ediciones del Festival Libros Mutantes (La Casa Encendida) y tradujo una treintena de libros. Junto a sus socios, ganó, entre otros, el Premio Lázaro Galdiano y varios Premios Nacionales a los libros mejor editados. Estudió cocina en Basque Culinary Centre y exploró las relaciones entre gastronomía y arte en *The Gramounce* (2003). Desarrolló diversos proyectos, desde un banquete en el que (junto a Marco Bene) preparó la patata frita perfecta para más de 300 personas en la Cité Internationale des Arts de Paris (2023), hasta una performance en la que buceó para colocar una réplica de una piedra en el fondo del mar en la LABoral Centro de Arte y Creación Industrial (Gijón, 2024).

ME LLAMO ERIK SATIE COMO TODO EL MUNDO

España, Portugal, Uruguay, Francia | Primeira longametraxe / First feature film

Dirección/Direction: Joanna Carro

Producción/Production: Zé dos Bois (Natxo Checa)

Estado/Current status: Desenvolvemento avanzado / Advance development

Unha muller española viaxa a Uruguai en busca dun pai ausente ao que viu por última vez hai 12 anos. Cando tiña 6 anos, unha cassette que a súa nai escoitaba sen cesar e unha imaxinación infantil desbordante fíxolle pensar que o seu pai era Erik Satie. Aos 36 anos, esta fantasía volve cobrar forza tras un resultado sorprendente nun test de ADN: o 29% da súa xenética é francesa. Para aclarar esta confusión, propónse atoparse co seu pai na oficina dun notario e recoñecelo como o seu pai legalmente.

Pero para iso ten que atopalo.

A Spanish woman travels to Uruguay searching for an absent father whom she last saw 12 years ago.

When she was 6 years old, a cassette tape that her mother listened to incessantly and her overflowing childhood imagination made her think that her father was Erik Satie. At 36, this fantasy gains strength again after a surprising result in a DNA test: 29% of her genetics are French. To solve this situation, she decides to meet her father in a notary's office and legally recognize him as her father, but she needs to find him first in order to do that.

#LAB // PROXECTOS

#LAB // PROXECTOS



María Gisèle Royo (Caracas, 1983). Co-directora, co-guionista e co-produtora de *On the Go* (Mención Especial do Xurado Novo do Festival de Locarno 2023, e premiada en FicXixón, Cheries-Cheris e SEMINICI). O seu documental *Rediscovering Pape*, obtivo un Student Academy Award (Oscars) e un College Student Award (Emmy), entre outros premios internacionais. O seu documental *Education without borders*, presentouse no Parlamento Europeo e no Global Refugee Forum da UNHCR.

Julia de Castro codirixiu, coescribiu, coproduciu e protagonizou *On the Go*. Como guionista asinou o capítulo *Así de Fácil* (2020, HBO Europa) e a mediametraxe *Exhalación* (Filmin, 2020), que tamén dirixiu. Como actriz estreou a serie *Poquita Fe* (Movistar Plus, 2023) e os filmes de Paula Ortiz, *Hildegart* (2024) e *Teresa* (2023). En 2020, lanza o seu primeiro álbum en solitario La historiadora. Colabora semanalmente en Radio 3 e en medios escritos como Forbes Woman ou a revista Icon.

María Gisèle Royo (Caracas, 1983). Her first Fiction Feature Film, *On the Go*, received a Special Mention from the Young Jury at the 2023 Locarno Film Festival, and was awarded in FicXixón, Cheries-Cheris, and SEMINICI. Her documentary, *Rediscovering Pape*, was awarded with a Student Academy Award (Oscars) and a College Television Award (Emmy). Assistant Editor in *The Silence of Others*, best documentary Goya award in 2019.

Julia de Castro co-directed, co-wrote, co-produced and starred in *On the Go*. As a screenwriter, she signed the episode *Así de Fácil* (2020, HBO Europe) and the medium-length film *Exhalación* (Filmin, 2020), which she also directed. As an actress, she premiered the TV series *Poquita Fe* (Movistar Plus, 2023) and the films by Paula Ortiz, *Hildegart* (2024) and *Teresa* (2023). In 2020, she released her first solo album La historiadora. She collaborates weekly on Radio 3 and in written media such as Forbes Woman or Icon magazine.

PÚA

España | Segunda longametraxe / Second feature film

Dirección/Direction: María Gisèle Royo y Julia de Castro

Productora: Matiné

Estado/Current status: Escritura, Desenvolvemento / Writing, Development

Candela (40) é DJ no arrabalde de Madrid. Chegou do seu Valladolid natal hai 3 anos. Kike (27) é de Missouri, leva 2 anos en Madrid, fai unhas prácticas remuneradas para conseguir o título para facer zapatos ortopédicos e plantillas. Kike é fan de Candela e vai bailar cada vez que ten unha sesión. Un amencer, mentres lle axuda a recoller o equipo tras unha noite apoteósica de baile, Kike conta a Candela que veu a Madrid para saír dunha movida moi tóxica na que se meteu. “Eu, se quixese, podería conseguir que bebese da miña man, Candela, pero xa non quero”. Candela ri coma se fose un chiste, pero un recordo faille conectar co seu pasado. Ela xa bebeu da man doutra persoa.

Candela is a DJ in the outskirts of Madrid as she came from his native city, Valladolid, three years ago. Kike is from Missouri, has been in Madrid for two years and is doing a paid internship to get the degree to make orthopedic shoes and insoles. Kike is Candela's fan and goes dancing every time she has a DJ session. One morning, Kike tells Candela that he came to Madrid to get out of a very toxic scene he got into. “Candela, if I wanted to I could get you to drink from my hand, but I don't want to anymore.” Candela laughs as if it were a joke, but a memory makes her connect with her past. She has already drunk from someone else's hand.



ISONA ADMETLLA

Isona Admetlla (Barcelona, 1976) é socióloga, xestora cultural, docente, consultora e deseñadora de audiencias. Nada en Barcelona e residente en Berlín, é coordinadora do Fondo para a Cinematografía Berlinale-World Cinema Fund desde o 2009. Como autónoma diseña e imparte seminarios de capacitación e formación a medida sobre financiamento, márketing, distribución, pitching e deseño de audiencias cinematográficas en universidades e outras institucións. Participa regularmente en comités de selección de proxectos como xurado ou conferenciante. É membro do comité de selección do Málaga Festival Fund and Co-Production Event e titora de proxectos. Tamén formou parte do comité de selección do ICAA Junta de Andalucía, FDC o Ventana Sur e é avaliadora experta de Media Single Project e Slate Funding, entre outros. Tamén é EAVE Alumni de Marketing e Distribución e Deseñadora de Audiencias do Torino Film Lab.

Isona Admetlla (Barcelona, 1976) is a sociologist and cultural manager, teacher, consultant and audience designer. She was born in Barcelona and lives in Berlin. She has been coordinating the Berlinale-World Cinema Fund for cinematography since 2009. As a freelancer, she designs and delivers tailor-made training and education seminars on financing, marketing, distribution, pitching and design of film audiences at universities and other institutions. She regularly participates in project selection committees, as a jury member or lecturer. She is a member of the selection committee of the MAFF (Málaga Festival Fund and Co-Production Event) and a project tutor. She has also been part of the selection committee of the ICAA Junta de Andalucía, FDC and Ventana Sur and is an expert evaluator of MediaSingle Project and Slate Funding, among others. She is also an EAVE Alumni of Marketing and Distribution and Audience Designer of the Torino Film Lab.



LORENA MORIN

Lorena Morin (Las Palmas de Gran Canaria, 1973) reside en Berlín e forma parte do equipo do FIC de Las Palmas de Gran Canaria desde o ano 2001, festival no que levou a cabo unha gran parte das funcións súas principais, sendo parte responsable na consolidación da identidade e ideario actual do festival. Desde 2017 dirixe MECAS (Mercado Internacional del Cine Casi Hecho), programa dedicado á industria dentro do FIC Las Palmas. Participou no programa para o desenvolvemento de coproducións entre Europa e América Latina PUENTES de EAVE, foi xurado no laboratorio Catapulta do Ficinam (México DF, 2020), no PushPlay do Ficc Prol (Xixón, 2018) e no Fidocs (Santiago de Chile, 2022). É fotógrafa e prepara a súa segunda exposición en Berlín e un libro que será publicado pola editorial Comisura (E) coas súas imaxes e textos do escritor latinoamericano Mario Bellatín.

